

Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL**GUARDA, A****Recadación**

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO TRIBUTARIO 2019

ANUNCIO

DE EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERIODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO TRIBUTARIO 2019

A Presidencia desta Corporación, mediante resolución núm. 2019-0434, de 26 de marzo de 2019, aprobou o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de A Guarda, correspondente ó exercicio tributario 2018. A dita resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal exporase ao público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partires do día seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, o recurso de reposición, regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, previo ó recurso contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co previsto no artigo 62.3 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, comunícase ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do impostos sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de A Guarda, correspondente ó exercicio tributario 2019, será do día 1 de abril ó 7 de xuño de 2019, ámbalas dúas datas inclusive.

A taxa deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias:

BANCO PASTOR

BBVA

ABANCA

CAIXABANK

BANCO SANTANDER

BANCO SABADELL

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:F2YKL9IAA9YU6XTQ



Venres, 29 de marzo de 2019

Núm. 62

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa nos artigos 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:F2YKL9TAA9YU6XTQ

